




PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 136
7 de maio de 2021



CSV: BOPGDSPGmzrNHvZBv0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

Aprobación sen modificacións

11772 (11/PNC-001193)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis

Sobre o requirimento que debe realizar o Goberno galego ao Concello de Sarria en relación coa execución do proxecto de peonalización e mellora comercial da rúa Diego Pazos [53871](#)

Aprobación por unanimidade con modificacións

14268 (11/PNC-001454)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a licitación e execución pola Xunta de Galicia da terceira fase das obras de construción de beirarrúas na travesía de Vilamor, en Cangas de Foz, na estrada LU1162, de Ferreira a Cangas, así como o axeitado mantemento das beirarrúas desa estrada [53871](#)

Rexeitamento da iniciativa

14623 (11/PNC-001496)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa contaminación por mercurio dos terreos de Ence e Elnosa en Lourizán (Pontevedra) [53872](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.5. Respostas a preguntas

14830 - 1854 (11/PREi000184)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da atención sanitaria que se está a prestar na comarca de Sarria e da necesidade dun consultorio médico na parroquia de Oural [53905](#)

14828 - 3759 (11/PREi000449)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as razóns do Sergas para establecer limitacións e non xeneralizar a prescrición dos coagulantes orais de nova xeración, a aplicación en todas as xerencias dos mesmos criterios para a súa autorización e os datos ao respecto [53907](#)

I 14826 - 4415 (11/PREi000536)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 7 máis

Sobre os novos servizos implantados, e as melloras levadas a cabo no seu cadro de persoal, no Hospital Público da Mariña lucense desde o ano 2009, así como sobre a valoración que fai o Goberno galego ao respecto [53912](#)

I 14823 - 4463 (11/PREi000542)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para a ampliación e renovación do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña e as obrigas económicas concretas que está disposta a asumir ao respecto [53914](#)

I 14822 - 4533 (11/PREi000553)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da inclusión nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 da partida necesaria para a execución das obras de mellora da mobilidade e seguridade das estradas POI363 e POI250 ao seu paso por Redondela, así como sobre a remisión ao Concello do convenio definitivo para o arranxo da estrada POI363 [53917](#)

I 14819 - 5029 (11/PREi000606)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do cumprimento na UCI 5º B do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña dos requisitos de seguridade necesarios para os profesionais e os doentes infectados pola covid19, así como as actuacións previstas para resolver as deficiencias denunciadas [53920](#)

I 14817 - 5486 (11/PREi000662)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para garantir a protección dos técnicos de emerxencias sanitarias do transporte sanitario terrestre fronte ao contaxio polo SARS-CoV2, as razóns que hai para non realizarlles tests para a súa detección e os datos referidos ás inspeccións levadas a cabo ao respecto [53923](#)

I 14815 - 5704 (11/PREi000688)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da reactivación da atención presencial nos consultorios médicos de Taragoña, no concello de Rianxo, e de Cabo de Cruz, no concello de Boiro, así como a asunción dos gastos de mantemento dos centros de saúde pendentes [53925](#)

I 14832 - 1852 (11/PREi000922)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da atención sanitaria que se está a prestar na comarca de Sarria [53928](#)

I 14824 - 4461 (11/PREi001304)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para o cumprimento dos compromisos adquiridos respecto da ampliación e renovación do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña [53930](#)

I 14820 - 5028 (11/PREi001372)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do cumprimento na UCI 5º B do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña dos requisitos de seguridade necesarios para os profesionais e os doentes infectados pola covid19. (Procedemento de urxencia) [53933](#)

I 14814 - 5706 (11/PREi001444)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da reactivación da atención presencial nos consultorios médicos de Taragoña, no concello de Rianxo, e de Cabo de Cruz, no concello de Boiro [53936](#)

I 14831 - 1853 (11/PREi002161)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da atención sanitaria que se está a prestar na comarca de Sarria e da necesidade dun consultorio médico na parroquia de Oural [53939](#)

I 14829 - 3758 (11/PREi002231)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as razóns do Sergas para establecer limitacións e non xeneralizar a prescrición dos coagulantes orais de nova xeración, a aplicación en todas as xerencias dos mesmos criterios para a súa autorización e os datos ao respecto [53941](#)

I 14827 - 4414 (11/PREi002261)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 7 máis



Sobre os novos servizos implantados, e as melloras levadas a cabo no seu cadro de persoal, no Hospital Público da Mariña lucense desde o ano 2009, así como sobre a valoración que fai o Goberno galego ao respecto [53946](#)

I 14825 - 4459 (11/PREi002265)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para a ampliación e renovación do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña e as obrigas económicas concretas que está disposta a asumir ao respecto [53948](#)

I 14821 - 5026 (11/PREi002292)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do cumprimento na UCI 5º B do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña dos requisitos de seguridade necesarios para os profesionais e os doentes infectados pola covid19 e as actuacións previstas ao respecto [53951](#)

I 14818 - 5485 (11/PREi002309)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para garantir a protección dos técnicos de emerxencias sanitarias do transporte sanitario terrestre fronte ao contaxio polo SARS-CoV2, as razóns que hai para non realizarlles tests para a súa detección e os datos referidos ás inspeccións levadas a cabo ao respecto [53954](#)

I 14816 - 5703 (11/PREi002327)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da reactivación da atención presencial nos consultorios médicos de Taragoña, no concello de Rianxo, e de Cabo de Cruz, no concello de Boiro, así como a asunción dos gastos de mantemento dos centros de saúde pendentes [53956](#)

I 14813 - 8422 (11/PREi002435)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez Piñeiro, Iago e 5 máis

Sobre as xestións realizadas pola Xunta de Galicia para a continuidade da actividade da base de helicópteros contra incendios que viña funcionando na localidade de Porqueirós, no concello de Muíños, no Parque Natural Baixa Limia Serra do Xurés [53959](#)

I 14812 - 8831 (11/PREi002486)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín

Sobre o coñecemento e as medidas previstas pola Consellería do Medio Rural respecto da problemática existente ante o veto de acceso ás axudas e a prohibición do aproveitamento comercial da madeira aos propietarios que aínda non ordenaron o monte [53962](#)



I 14811 - 8964 (11/PREi002508)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre o estado de tramitación dos recursos de alzada presentados polos propietarios respecto do acordo de asignación das parcelas na concentración parcelaria da parroquia de San Vicenzo, no concello de Vilasantar, e a data prevista para a súa resolución definitiva, así como para a execución das pistas secundarias

[53965](#)**I 14810 - 9068 (11/PREi002516)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do arranxo da rúa Diego Pazos, en Sarria, ou, se é caso, da autorización ao Concello para o arranxo do tramo comprendido entre os cruzamentos da Avenida e da Ciguñeira

[53967](#)**I 14809 - 10144 (11/PREi002662)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen**

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego desde a entrada en vigor do Real decreto 1078/2014 para loitar contra a contaminación do solo por nitratos e do aire por amoníaco, así como as previstas para ese fin

[53970](#)**I 14808 - 11555 (11/PREi002846)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á execución, no ano 2021, do proxecto de senda peonil e mellora da seguridade viaria da estrada POi308, nos treitos FontelaiCombarro e CombarroiChancelas, as actuacións que vai levar a cabo para ese fin e as súas previsións respecto do estudo da posibilidade de implantar unha vía alternativa

[53973](#)**I 14807 - 11777 (11/PREi002867)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez López, Daniel e 2 máis**

Sobre as medidas concretas e os mecanismos de control que deberán adoptar os negocios galegos no marco da desescalada e do Plan de hostalaría segura, o seu consenso previo co sector e as previsións do Goberno galego respecto da asunción do seu eventual custo económico

[53976](#)**I 14806 - 12760 (11/PREi003039)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**

Sobre a devolución ás familias usuarias das escolas infantís dependentes da Consellería de Política Social das contías correspondentes á segunda quincena de marzo de 2020

[53979](#)**I 14805 - 12896 (11/PREi003053)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a demora na devolución dos ingresos indebidos ás persoas afectadas polo pagamento do mes de marzo de 2020 completo nas escolas infantís dependentes da Consellería de Política Social [53981](#)

I 14804 - 12898 (11/PREi003054)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre o futuro do Centro Galego de Desenvolvemento Integral (Cegadi) [53983](#)

I 14803 - 12923 (11/PREi003057)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre o impacto económico da pobreza e a situación de colapso dos servizos sociais en Ourense [53987](#)

I 14802 - 13257 (11/PREi003280)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre o nomeamento do exalcalde de Fisterra como asesor na Axencia Galega de Desenvolvemento Rural [53990](#)

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.4. De ámbito europeo

1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, do 6 de maio de 2021, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de decisión do Parlamento Europeo e do Consello relativa á participación da Unión na Asociación Europea de Metroloxía, emprendida conxuntamente por varios Estados membros [COM(2021) 89 final] [2021/0049 (COD)] {SEC(2021) 91 final} {SWD(2021) 35 final} {SWD(2021) 36 final}

-11/UECSI000073 (15832) Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de decisión do Parlamento Europeo e do Consello relativa á participación da Unión na Asociación Europea de Metroloxía, emprendida conxuntamente por varios Estados membros [COM(2021) 89 final] [2021/0049 (COD)] {SEC(2021) 91 final} {SWD(2021) 35 final} {SWD(2021) 36 final} [53992](#)

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

Sesión plenaria (día 11 de maio de 2021, ás 10.00 horas) [53878](#)



3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 4 de maio de 2021, polo que se anuncia a convocatoria de probas selectivas para ingresar por promoción interna en dúas prazas da escala técnica de publicacións do corpo superior do Parlamento de Galicia [53883](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na súa sesión do 6 de maio de 2021, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación sen modificacións

- 11772 (11/PNC-001193)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis

Sobre o requirimento que debe realizar o Goberno galego ao Concello de Sarria en relación coa execución do proxecto de peonalización e mellora comercial da rúa Diego Pazos

BOPG nº 105, do 03.03.2021

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 7 votos a favor, 2 votos en contra e 3 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a requirirlle ao Concello de Sarria a execución do proxecto de peonalización e mellora comercial da rúa Diego Pazos, segundo o proxecto técnico inicialmente presentado e que conta coa pertinente autorización autonómica, e no que se recolle unha actuación integral na rúa, coa execución de beirarrúas, aparcadoiros e zona de circulación, así coma servizos, iluminación e mobiliario urbano.»

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 14268 (11/PNC-001454)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a licitación e execución pola Xunta de Galicia da terceira fase das obras de construción de beirarrúas na travesía de Vilamor, en Cangas de Foz, na estrada LU-162, de Ferreira a Cangas, así como o axeitado mantemento das beirarrúas desa estrada

BOPG nº 126, do 21.04.2021

Sométese a votación a transacción cunha emenda *in voce* do G. P. Popular de Galicia e resulta aprobada pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado, con modificacións respecto do texto orixinal, é o seguinte:



«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dar continuidade ás obras de mellora da seguridade viaria e peonil na estrada LU-162 que conecta Ferreira do Valadouro con Cangas de Foz (Lugo), en particular, impulsando na maior brevidade o proxecto dirixido á execución de novas beirarrúas no tramo urbano da travesía de Vilamor e a axeitada conservación e mantemento de todos os elementos da vía.»

Rexeitamento da iniciativa

- 14623 (11/PNC-001496)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa contaminación por mercurio dos terreos de Ence e Elnosa en Lourizán (Pontevedra)

BOPG nº 130, do 28.04.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2021

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

1.4. Procedementos de información

1.4.5. Respostas a preguntas

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 4 de maio de 2021, tivo coñecemento das respostas da Xunta de Galicia ás seguintes preguntas con resposta escrita:

- 14830 - 1854 (11/PRE-000184)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da atención sanitaria que se está a prestar na comarca de Sarria e da necesidade dun consultorio médico na parroquia de Oural

- 14828 - 3759 (11/PRE-000449)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as razóns do Sergas para establecer limitacións e non xeneralizar a prescrición dos coagulantes orais de nova xeración, a aplicación en todas as xerencias dos mesmos criterios para a súa autorización e os datos ao respecto

- 14826 - 4415 (11/PRE-000536)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 7 máis

Sobre os novos servizos implantados, e as melloras levadas a cabo no seu cadro de persoal, no Hospital Público da Mariña lucense desde o ano 2009, así como sobre a valoración que fai o Goberno galego ao respecto



- 14823 - 4463 (11/PRE-000542)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para a ampliación e renovación do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña e as obrigas económicas concretas que está disposta a asumir ao respecto

- 14822 - 4533 (11/PRE-000553)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da inclusión nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 da partida necesaria para a execución das obras de mellora da mobilidade e seguridade das estradas PO-363 e PO-250 ao seu paso por Redondela, así como sobre a remisión ao Concello do convenio definitivo para o arranxo da estrada PO-363

- 14819 - 5029 (11/PRE-000606)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do cumprimento na UCI 5º B do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña dos requisitos de seguridade necesarios para os profesionais e os doentes infectados pola covid-19, así como as actuacións previstas para resolver as deficiencias denunciadas

- 14817 - 5486 (11/PRE-000662)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para garantir a protección dos técnicos de emerxencias sanitarias do transporte sanitario terrestre fronte ao contaxio polo SARS-CoV-2, as razóns que hai para non realizarlles tests para a súa detección e os datos referidos ás inspeccións levadas a cabo ao respecto

- 14815 - 5704 (11/PRE-000688)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da reactivación da atención presencial nos consultorios médicos de Taragoña, no concello de Rianxo, e de Cabo de Cruz, no concello de Boiro, así como a asunción dos gastos de mantemento dos centros de saúde pendentos

- 14832 - 1852 (11/PRE-000922)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da atención sanitaria que se está a prestar na comarca de Sarria

- 14824 - 4461 (11/PRE-001304)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para o cumprimento dos compromisos adquiridos respecto da ampliación e renovación do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña

- 14820 - 5028 (11/PRE-001372)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do cumprimento na UCI 5º B do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña dos requisitos de seguridade necesarios para os profesionais e os doentes infectados pola covid-19. (Procedemento de urxencia)

- 14814 - 5706 (11/PRE-001444)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da reactivación da atención presencial nos consultorios médicos de Taragoña, no concello de Rianxo, e de Cabo de Cruz, no concello de Boiro

- 14831 - 1853 (11/PRE-002161)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da atención sanitaria que se está a prestar na comarca de Sarria e da necesidade dun consultorio médico na parroquia de Oural

- 14829 - 3758 (11/PRE-002231)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as razóns do Sergas para establecer limitacións e non xeneralizar a prescrición dos coagulantes orais de nova xeración, a aplicación en todas as xerencias dos mesmos criterios para a súa autorización e os datos ao respecto

- 14827 - 4414 (11/PRE-002261)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 7 máis

Sobre os novos servizos implantados, e as melloras levadas a cabo no seu cadro de persoal, no Hospital Público da Mariña lucense desde o ano 2009, así como sobre a valoración que fai o Goberno galego ao respecto

- 14825 - 4459 (11/PRE-002265)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para a ampliación e renovación do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña e as obrigas económicas concretas que está disposta a asumir ao respecto

- 14821 - 5026 (11/PRE-002292)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do cumprimento na UCI 5º B do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña dos requisitos de seguridade necesarios para os profesionais e os doentes infectados pola covid-19 e as actuacións previstas ao respecto. (Procedemento de urxencia)

- 14818 - 5485 (11/PRE-002309)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para garantir a protección dos técnicos de emerxencias sanitarias do transporte sanitario terrestre fronte ao contaxio polo SARS-CoV-2, as razóns que hai para non realizarlles tests para a súa detección e os datos referidos ás inspeccións levadas a cabo ao respecto

- 14816 - 5703 (11/PRE-002327)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da reactivación da atención presencial nos consultorios médicos de Taragoña, no concello de Rianxo, e de Cabo de Cruz, no concello de Boiro, así como a asunción dos gastos de mantemento dos centros de saúde pendentes

- 14813 - 8422 (11/PRE-002435)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 5 máis

Sobre as xestións realizadas pola Xunta de Galicia para a continuidade da actividade da base de helicópteros contra incendios que viña funcionando na localidade de Porqueirós, no concello de Muíños, no Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés

- 14812 - 8831 (11/PRE-002486)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín

Sobre o coñecemento e as medidas previstas pola Consellería do Medio Rural respecto da problemática existente ante o veto de acceso ás axudas e a prohibición do aproveitamento comercial da madeira aos propietarios que aínda non ordenaron o monte

- 14811 - 8964 (11/PRE-002508)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o estado de tramitación dos recursos de alzada presentados polos propietarios respecto do acordo de asignación das parcelas na concentración parcelaria da parroquia de San Vicenzo, no concello de Vilasantar, e a data prevista para a súa resolución definitiva, así como para a execución das pistas secundarias

- 14810 - 9068 (11/PRE-002516)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel



Sobre as previsións do Goberno galego respecto do arranxo da rúa Diego Pazos, en Sarria, ou, se é caso, da autorización ao Concello para o arranxo do tramo comprendido entre os cruzamentos da Avenida e da Ciguñeira

- 14809 - 10144 (11/PRE-002662)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego desde a entrada en vigor do Real decreto 1078/2014 para loitar contra a contaminación do solo por nitratos e do aire por amoníaco, así como as previstas para ese fin

- 14808 - 11555 (11/PRE-002846)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á execución, no ano 2021, do proxecto de senda peonil e mellora da seguridade viaria da estrada PO-308, nos treitos Fontela-Combarro e Combarro-Chancelas, as actuacións que vai levar a cabo para ese fin e as súas previsións respecto do estudo da posibilidade de implantar unha vía alternativa

- 14807 - 11777 (11/PRE-002867)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 2 máis

Sobre as medidas concretas e os mecanismos de control que deberán adoptar os negocios galegos no marco da desescalada e do Plan de hostalaría segura, o seu consenso previo co sector e as previsións do Goberno galego respecto da asunción do seu eventual custo económico

- 14806 - 12760 (11/PRE-003039)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a devolución ás familias usuarias das escolas infantís dependentes da Consellería de Política Social das contías correspondentes á segunda quincena de marzo de 2020

- 14805 - 12896 (11/PRE-003053)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a demora na devolución dos ingresos indebidos ás persoas afectadas polo pagamento do mes de marzo de 2020 completo nas escolas infantís dependentes da Consellería de Política Social

- 14804 - 12898 (11/PRE-003054)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre o futuro do Centro Galego de Desenvolvemento Integral (Cegadi)

- 14803 - 12923 (11/PRE-003057)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre o impacto económico da pobreza e a situación de colapso dos servizos sociais en Ourense



- 14802 - 13257 (11/PRE-003280)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre o nomeamento do exalcalde de Fisterra como asesor na Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2021

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.4. De ámbito europeo

1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, do 6 de maio de 2021, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de decisión do Parlamento Europeo e do Consello relativa á participación da Unión na Asociación Europea de Metroloxía, emprendida conxuntamente por varios Estados membros [COM(2021) 89 final] [2021/0049 (COD)] {SEC(2021) 91 final} {SWD(2021) 35 final} {SWD(2021) 36 final}

-11/UECS-000073 (15832) Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de decisión do Parlamento Europeo e do Consello relativa á participación da Unión na Asociación Europea de Metroloxía, emprendida conxuntamente por varios Estados membros [COM(2021) 89 final] [2021/0049 (COD)] {SEC(2021) 91 final} {SWD(2021) 35 final} {SWD(2021) 36 final}

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 15832, o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á solicitude da Comisión Mixta para a Unión Europea en relación coa Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de decisión do Parlamento Europeo e do Consello relativa á participación da Unión na Asociación Europea de Metroloxía, emprendida conxuntamente por varios Estados membros [COM(2021) 89 final] [2021/0049 (COD)] {SEC(2021) 91 final} {SWD(2021) 35 final} {SWD(2021) 36 final}.

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (nos BOPG núms. 276, do 16 de xullo de 2010, e 446, do 7 de abril de 2011), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, e mais aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.



As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2021
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

Sesión plenaria (día 11 de maio de 2021, ás 10.00 horas)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar unha sesión o próximo día 11 de maio de 2021, ás 10.00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 4 de maio de 2021, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Texto Lexislativo

1.1 Debate e votación do ditame, emitido pola Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, sobre a Proposición de lei de recuperación da terra agraria de Galicia (doc. núm. 7565, 11/PPL-000003)

Publicación do Ditame da Comisión, BOPG nº 135, do 06.05.2021

Punto 2. Comparecencia

2.1 15682 (11/PPP-000055)

Do conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar sobre a evolución da incidencia da pandemia en Galicia no relativo á situación epidemiolóxica e asistencial e aos avances no Plan galego de vacinación fronte á covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 134, do 05.05.2021

Punto 3. Mocións

3.1 15602 (11/MOC-000040)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina



Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da covid-19 nos centros hospitalarios. (Moción consecuencia da Interpelación nº 8259, publicada no BOPG nº 83, do 27.01.2021, e debatida na sesión plenaria celebrada 27.04.2021)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 134, do 05.05.2021

3.2 15615 (11/MOC-000041)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sobre a política do Goberno galego en relación coa mellora da atención primaria. (Moción consecuencia da Interpelación doc. nº 12718, publicada no BOPG nº 115, do 24.03.2021 e debatida na sesión plenaria celebrada o 27.04.2021)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 134, do 05.05.2021

3.3 15659 (11/MOC-000042)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a política do Goberno galego en relación coa transferencia a Galicia das competencias pendentes. (Moción consecuencia da Interpelación nº 3279, publicada no BOPG nº 30, do 14.10.2020, e debatida na sesión plenaria celebrada 27.04.2021)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 134, do 05.05.2021

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 2224 (11/PNP-001472)

Grupos Parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia

Para unha canle Xabarín Club na Televisión de Galicia e mellor difusión de programación infantil e xuvenil en galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 126, do 21.04.2021

Publicación do acordo, BOPG nº 130, do 28.04.2021

4.2 10805 (11/PNP-001063)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e oito deputados/as máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da encomenda da construción dun buque de acción marítima para a Armada Española nos estaleiros de Navantia, na ría de Ferrol

Publicación da iniciativa, BOPG nº 101, do 24.02.2021

4.3 13710 (11/PNP-001344)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e oito deputados/as máis

Sobre a asunción polo Goberno galego da xestión pública directa das residencias de maiores que se van construír nas sete principais cidades de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 121, do 07.04.2021

4.4 13980 (11/PNP-001373)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas subvencións convocadas para o ano 2021 para a creación ou mellora de infraestruturas nos concellos de Galicia con poboación inferior a 20.000 habitantes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 123, do 13.04.2021

4.5 14584 (11/PNP-001433)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto para a cidadanía do proceso de reestruturación e concentración bancaria que se está a producir en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 130, do 28.04.2021

4.6 14661 (11/PNP-001445)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e trece deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa lexislación orgánica en materia de saúde pública.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 130, do 28.04.2021

Punto 5. Interpelacións

5.1 5204 (11/INT-000354)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co uso da lingua galega como lingua vehicular no ensino

Publicación da iniciativa, BOPG nº 49, do 19.11.2020

5.2 14298 (11/INT-000823)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e dous deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co emprego xuvenil

Publicación da iniciativa, BOPG nº 126, do 21.04.2021

5.3 14498 (11/INT-000840)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co emprego e coa mellora da empregabilidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 130, do 28.04.2021

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 15674 (11/POPX-000029)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo



Sobre o plan da Xunta de Galicia para reactivar a economía xerando emprego despois dos datos da Enquisa de poboación activa do primeiro trimestre

Publicación da iniciativa, BOPG nº 134, do 05.05.2021

6.2 15675 (11/POPX-000030)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre as medidas que vai adoptar ante a crise industrial e a perda de emprego que vive Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 134, do 05.05.2021

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 13814 (11/POP-001876)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre o nivel de eficacia que está a ter a aplicación dos códigos QR para detectar novos gromos de covid-19 e para controlar a capacidade dos locais de hostalaría

Publicación da iniciativa, BOPG nº 123, do 13.04.2021

7.2 14576 (11/POP-001973)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da apertura do correspondente expediente para incluír no BIC Torres de Meirás todos os bens mobles que, pola súa vinculación co sitio histórico, deben formar unha unidade e non poden ser desprazados sen autorización.

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 130, do 28.04.2021

7.3 15641 (11/PUP-000175)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Domínguez, Sandra e sete deputados/as máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da presenza do galego no mundo dixital

Publicación da iniciativa, BOPG nº 134, do 05.05.2021

7.4 15665 (11/PUP-000177)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para impedir a retirada dos bens mobles do Pazo de Meirás pola familia Franco

Publicación da iniciativa, BOPG nº 134, do 05.05.2021

7.5 13740 (11/POP-001865)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e sete deputados/as máis

Sobre o investimento que vai realizar a Xunta de Galicia no ano 2021 en axudas destinadas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para a posta en marcha de programas específicos



de recursos integrais de atención especializada dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 121, do 07.04.2021

7.6 15673 (11/PUP-000178)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as condicións económicas e de traballo do persoal de limpeza de edificios e locais da provincia da Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 134, do 05.05.2021

7.7 14290 (11/POP-001936)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e dous deputados/as máis

Sobre as intencións do Goberno galego de dotar o Hospital da Mariña, en Burela, dunha consulta de cirurxía vascular

Publicación da iniciativa, BOPG nº 126, do 21.04.2021

7.8 14591 (11/POP-001977)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre as razóns para non chamar a vacinar as persoas aseguradas mediante mutuas privadas na orde e momento que lles corresponde en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 130, do 28.04.2021

7.9 14562 (11/POP-001971)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e seis deputados/as máis

Sobre a valoración que fai a Consellería do Medio Rural da implicación do sector primario na convocatoria de Manifestación de interese de proxectos autonómicos promovidos por pequenas e medianas empresas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 130, do 28.04.2021

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 4 de maio de 2021, polo que se anuncia a convocatoria de probas selectivas para ingresar por promoción interna en dúas prazas da escala técnica de publicacións do corpo superior do Parlamento de Galicia

Logo de examinadas a bases reguladoras do proceso selectivo para ingresar por promoción interna en dúas prazas da escala técnica de publicacións do corpo superior do Parlamento de Galicia e visto o disposto nos artigos 39 e 40 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, a Mesa adopta o seguinte ACORDO:

Aprobar a convocatoria para a realización de probas selectivas para ingresar por promoción interna en dúas prazas da escala técnica de publicacións do corpo superior do Parlamento de Galicia e as bases reguladoras do procedemento de selección, nos termos que se indican a continuación.

BASES DA CONVOCATORIA DAS PROBAS SELECTIVAS PARA INGRESAR POR PROMOCIÓN INTERNA EN DÚAS PRAZAS DA ESCALA TÉCNICA DE PUBLICACIÓNS DO CORPO SUPERIOR DO PARLAMENTO DE GALICIA

Primeira. Normas xerais

1.1. O obxecto do proceso selectivo é cubrir dúas (2) prazas da escala técnica de publicacións do corpo superior do Parlamento de Galicia, correspondentes á oferta de emprego público do exercicio de 2021, mediante promoción interna.

1.2. O sistema selectivo é o de concurso-oposición.

1.3. Ao proceso selectivo seralle aplicable o Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia (DOG nº 248, do 26 de decembro de 2007) e, supletoriamente, a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TRLEBEP), e demais normas concordantes, así como o disposto nesta convocatoria.

1.4. O nomeamento no marco do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia conferiralle á persoa seleccionada, para todos os efectos, o carácter de funcionario/a de carreira do corpo superior do Parlamento de Galicia desde a data da toma de posesión, sen prexuízo do establecido na base oitava.

Segunda. Requisitos das persoas aspirantes

Para seren admitidas ao proceso selectivo, as persoas interesadas deberán posuír, no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes, e manter ata o momento da toma de posesión como funcionario/a os seguintes requisitos:



2.1. Pertencer como persoal funcionario de carreira ao corpo superior ou ao corpo de xestión do Parlamento de Galicia e ter unha antigüidade neses corpos de, polo menos, dous anos.

2.2. Nacionalidade

Poderán participar no proceso selectivo:

a) As persoas de nacionalidade española.

b) As persoas nacionais dalgún dos estados membros da Unión Europea.

c) As persoas nacionais dalgún estado en que, en virtude dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de traballadoras/es.

d) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes das persoas de nacionalidade española e das nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito. Nas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

2.3. Idade

Ter feitos os dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

2.4. Titulación

Estar en posesión ou en condicións de obter o título de licenciatura ou grao en Filoloxía ou o título de licenciatura ou grao en Tradución, na data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

As persoas interesadas con formación ou titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, de ser o caso, a homologación do título ou da formación. Este requisito non será aplicable ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións regulamentadas, ao amparo das disposicións de dereito da Unión Europea.

2.5. Capacidade funcional

Non padecer enfermidade ou discapacidade que impida o desempeño das funcións e tarefas correspondentes.

2.6. Habilitación

Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por re-



solución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa fose separada ou inhabilitada.

No suposto de persoas nacionais doutros estados, non estar inhabilitada ou en situación equivalente, nin ter sido sometida a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

Non poderán participar no proceso selectivo as persoas que xa pertencen ao corpo de funcionarios obxecto desta convocatoria.

2.7. Ademais dos requisitos anteriores, as persoas que se presenten pola cota de reserva de discapacidade terán que ter recoñecida a condición legal de persoa con discapacidade cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, na data de publicación desta convocatoria.

Terceira. Solicitudes

As persoas que desexen participar nas probas selectivas deberán formular a súa solicitude segundo o modelo que figura no anexo II destas bases, que tamén estará dispoñible na páxina web do Parlamento de Galicia (www.parlamentodegalicia.gal).

O prazo de presentación será de vinte días naturais (20), que se contarán a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Dentro do prazo que se sinala no parágrafo anterior, as persoas aspirantes deberán presentar a súa solicitude, dirixida á Presidencia do Parlamento de Galicia, na sede electrónica do Parlamento de Galicia (<https://sede.parlamentodegalicia.gal>).

As solicitudes tamén se poderán presentar no Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia, na rúa do Hórreo nº 63, 15701, Santiago de Compostela, ou na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3.1 Documentación

- Modelo de solicitude segundo a anexo II, cuberto
- Fotocopia do DNI
- Xustificante de ter aboados os dereitos de exame ou, no seu defecto, de ser o caso, documentación acreditativa de encontrarse nalgunha das situacións a que fai referencia esta convocatoria susceptibles da exención do pagamento.

3.2. Dereitos de exame

O importe dos dereitos de exame é de corenta e tres euros con trinta céntimos (43,30 €), que se aboarán mediante transferencia bancaria na conta corrente Abanca ES 50 2080 0388 21 3110000502, na cal se indicará: «Taxas selección CSETP» e o nome e apelidos e DNI da persoa aspirante.



Ás persoas aspirantes excluídas do proceso selectivo devolveráselles o importe ingresado, sempre que o soliciten no prazo dun mes, contado desde a publicación da relación definitiva de persoas admitidas e excluídas no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Non obstante, estará exento do pagamento da taxa dos dereitos de exame quen estea incurso nalgunha das situacións a que fai referencia a normativa vixente en materia de taxas da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.3. Discapacidades

As persoas aspirantes cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % poderán solicitar, se for necesario e xustificado, posibles adaptacións de tempo e medios especiais para a realización dos exercicios.

De ser o caso, deberán indicalo na súa solicitude, especificando claramente o tanto por cento de discapacidade recoñecida polo órgano competente e achegar coa solicitude a documentación acreditativa correspondente. De formularen a solicitude por sede electrónica, para compulsa da documentación achegada observárase o disposto no parágrafo final da base 8.1.

Cuarta. Admisión de persoas aspirantes

4.1. Unha vez expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Presidencia do Parlamento de Galicia aprobará as listaxes provisionais de persoas aspirantes admitidas e excluídas a través dunha resolución que será publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web do Parlamento de Galicia (www.parlamentodegalicia.gal), coas causas das exclusións, se for o caso.

4.2. As persoas aspirantes excluídas inicialmente disporán dun prazo de dez días, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, para poderen alegar ou emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

As persoas que, no prazo sinalado, non reparen a causa de exclusión ou aleguen a omisión serán definitivamente excluídas da participación no proceso selectivo.

4.3 Ao transcorrer o antedito prazo, a Presidencia ditará unha nova resolución pola cal se aprobará a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se publicará no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web corporativa. A estimación ou desestimación das emendas achegadas entenderase implícita nesta resolución definitiva e a súa publicación servirá de notificación a quen presentase alegacións.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos exixidos nestas bases. Cando da documentación que deba presentarse, no caso de superar o proceso selectivo, se desprenda que non posúe algún dos requisitos, a persoa interesada decaerá en todos os dereitos que poidan derivar da súa participación neste procedemento.



Contra esta resolución poderase interpor recurso potestativo de reposición ante este órgano no prazo dun mes, ou ben poderá interporse directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados ambos os dous desde o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Quinta. Tribunal cualificador

5.1. Composición

O tribunal cualificador do proceso será designado pola Presidencia do Parlamento de Galicia de acordo coa normativa reguladora da función pública aplicable nesta materia. Non poderá estar composto maioritariamente por persoal do corpo ou escala de que se trate. Ningunha persoa integrante terá titulación inferior á exigida para a admisión ás probas. Na súa composición débese atender aos principios de imparcialidade e profesionalidade e ás normas de igualdade de mulleres e homes.

A resolución do nomeamento será publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web corporativa (www.parlamentodegalicia.gal)

O tribunal poderá acordar solicitar á Oficialía Maior a incorporación de asesores e asesoras especialistas para as probas correspondentes aos exercicios que coide necesario, que se limitarán a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas, e terán voz pero non voto. A designación de tales persoas asesoras deberáselle comunicar á Presidencia do Parlamento de Galicia.

5.2. Abstención e recusación

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir ou poderán ser recusados por calquera persoa interesada, e particularmente polas persoas aspirantes, cando concorran algún dos supostos previstos nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou se realizaron tarefas de preparación de aspirantes relativas a procesos selectivos de acceso ao corpo e escala a que corresponde a praza obxecto desta convocatoria, nos cinco anos anteriores ao da súa publicación. Neste caso, deberanllo comunicar á Presidencia do Parlamento.

Cando se produza esta situación, e consecuentemente a vacante dun membro do tribunal titular, o seu suplente cubrirá o devandito posto e a Presidencia designará un novo ou unha nova suplente.

A persoa que presida o tribunal, na sesión de constitución deberá facer, e solicitarlles aos demais membros do tribunal e, de ser o caso, tamén ás persoas asesoras previstas na base 5.1, que fagan unha declaración expresa de non se encontraren incursos nas circunstancias previstas nos parágrafos anteriores.

5.3. Constitución e actuación

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia da maioría dos seus membros e será necesaria, en todo caso, a presenza do presidente ou da presidenta e do secretario ou da secretaria.



As decisións do tribunal adoptaranse por maioría dos presentes.

Por cada sesión do tribunal redactarase a acta coa sinatura do secretario ou secretaria e o visto e prace do presidente ou presidenta.

Correspóndenlle ao tribunal cualificador as funcións relativas á determinación concreta do contido dos exercicios e a cualificación das persoas aspirantes, así como, en xeral, a adopción de cantas medidas sexan precisas para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo. O tribunal queda facultado para resolver todas as dúbidas que xurdan na interpretación e aplicación das normas contidas nas bases da presente convocatoria, e para determinar a actuación procedente nos casos non previstos.

O tribunal adoptará as medidas oportunas que permitan que as persoas aspirantes con algunha discapacidade que así o indicasen na solicitude poidan participar nas probas en igualdade de condicións que o resto das persoas participantes.

En ningún caso o tribunal poderá aprobar nin declarar que superou o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao das prazas convocadas. Será nula de pleno dereito calquera proposta de selección que o contraveña.

Para efectos de comunicacións e posibles incidencias, o tribunal cualificador terá a súa sede no domicilio oficial do Parlamento de Galicia, rúa do Hórreo nº 63, 15701, Santiago de Compostela.

Sexta. Proceso de selección

O sistema de selección será o de concurso-oposición. Os temas que rexerán as probas selectivas serán os publicados como anexo I a estas bases.

Teranse en conta as normas de dereito positivo relacionadas co contido do programa que, na data de publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* do nomeamento do tribunal, estean publicadas oficialmente no boletín ou diario correspondente, aínda que a súa entrada en vigor estea diferida a un momento posterior. As normas de dereito positivo relacionadas co contido do programa que fosen derogadas parcial ou totalmente, nas condicións temporais do parágrafo anterior, serán automaticamente substituídas por aquelas que procedan á súa derogación parcial ou total.

6.1 Fase de oposición

As probas da oposición consistirán na realización de dous exercicios obrigatorios e eliminatorios.

6.1.1. Primeiro exercicio (25 puntos)

Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de cincuenta (50) preguntas tipo test, máis cinco (5) preguntas de reserva para o caso de se anular algunha das primeiras, referidas aos temas do programa.

Por cada pregunta formularanse catro respostas alternativas, das que só unha delas será correcta. A puntuación que se outorgará a cada resposta correcta será 0,50 puntos. Da puntuación total así



obtida restaranse 0,125 puntos por cada resposta incorrecta. As respostas en branco e aquelas que conteñan máis dunha alternativa non se valorarán.

O tempo máximo para a realización do exercicio será de unha (1) hora.

Cualificación do exercicio:

- O exercicio puntuarase de cero (0) a vinte e cinco (25) puntos.
- Para superar o exercicio cómpre acadar un mínimo de doce con cinco (12,5) puntos.

6.1.2. Segundo exercicio (50 puntos): só para as persoas aspirantes que superaren o exercicio anterior.

Constará de dúas partes:

Primeira parte:

Consiste na revisión técnico-lingüística dun proxecto de lei redactado en galego, proposto polo tribunal, e na súa posterior tradución para o castelán, mediante a utilización da aplicación de tradución automática que se porá ao dispor das persoas aspirantes.

O tempo máximo para a realización desta parte é de cinco (5) horas. Para realizala, en formato electrónico, as persoas aspirantes poderán consultar as obras de carácter técnico e lexicográfico dispoñibles en rede.

Para a cualificación desta parte do exercicio o tribunal terá en conta: a) a corrección do texto resultante en lingua galega nos aspectos ortográfico, morfolóxico, sintáctico, léxico e semántico; b) a precisión no emprego da terminoloxía xurídica e técnica contida no texto resultante; c) a economía, a claridade, a exactitude e a coherencia do texto resultante en tanto que texto normativo; d) a corrección do texto resultante en lingua castelá nos aspectos ortográfico, morfolóxico, sintáctico, léxico e semántico; e) a equivalencia exacta do texto nos dous idiomas en canto ao seu sentido e á súa interpretación técnico-xurídica.

Segunda parte:

Consiste na verificación e establecemento definitivo do texto dunha transcripción dun discurso oral proposto polo tribunal. O exercicio realizarase en formato electrónico, de forma que as persoas aspirantes terán acceso ao audio-vídeo dunha intervención parlamentaria ou de varios fragmentos de varias intervencións parlamentarias e ao texto en formato editable, sobre o cal deberán facer todas as modificacións que coiden necesarias para establecer o texto definitivo.

O tempo máximo para a realización desta parte do exercicio será de tres (3) horas.

Para cualificar este exercicio, o tribunal terá en conta: a) o axuste do texto escrito resultante á realidade do discurso oral correspondente; b) a pertinencia das correccións feitas, de acordo coas instrucións dadas ás persoas aspirantes.



O exercicio será defendido polas persoas aspirantes ante o tribunal en audiencia pública. Finalizada a exposición, o tribunal poderá dialogar coa persoa aspirante sobre cuestións relacionadas cos temas expostos durante un tempo máximo de quince minutos. A non presentación á defensa dos exercicios dará lugar á exclusión do proceso de selección.

Cualificación do exercicio:

— A primeira parte do exercicio cualificarase de cero (0) a trinta (30) puntos.

— A segunda parte do exercicio cualificarase de cero (0) a vinte (20) puntos.

— Para superar o exercicio cómpre acadar un mínimo de quince (15) puntos na primeira parte do exercicio e dez (10) puntos na segunda parte.

— A cualificación final do exercicio será a suma das puntuacións acadadas en cada unha das partes de que consta.

6.1.3. Desenvolvemento dos exercicios

O primeiro exercicio deberá realizarse no prazo máximo de corenta (40) días hábiles contados desde o día seguinte ao da constitución do tribunal.

Entre a realización dun exercicio e o seguinte deberán transcorrer un mínimo de 5 días hábiles.

A convocatoria da realización dos sucesivos exercicios será efectuada polo tribunal, e publicarase na páxina web do Parlamento de Galicia, polo menos corenta e oito horas (48 h) antes da data e hora sinaladas para o seu inicio.

As persoas aspirantes deberán presentarse, para a realización de cada exercicio, provistas do documento nacional de identidade ou dun documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal. Así mesmo, deberán levar bolígrafo azul ou negro.

As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio nun único chamamento, e será excluído da oposición quen non compareza.

Os exercicios realizaranse a porta pechada sen outra asistencia que a das persoas aspirantes, os membros do tribunal e os colaboradores e colaboradoras designados por este, se for o caso.

Os exercicios distribuiranse en galego. Porén, tamén se lles distribuirán en castelán ás persoas aspirantes que así o soliciten.

En calquera momento as persoas aspirantes poderán ser requiridas polo tribunal coa finalidade de acreditaren a súa identidade.

En calquera momento do proceso selectivo, se o tribunal ten coñecemento de que algunha persoa aspirante non cumpre algún dos requisitos exixidos pola convocatoria, logo da audiencia da persoa interesada, deberá acordar proceder á súa exclusión.



Os exercicios realizados non levarán ningunha marca ou sinal que permita identificar o seu autor ou autora. O tribunal facilitará a cada persoa aspirante dous sobres para introducir de xeito independente o exercicio realizado e a identificación do seu autor ou autora. Os sobres pecharanse e gramparanse conxuntamente, diante da persoa interesada.

As persoas aspirantes non poderán acudir ao recinto do exame provistas de teléfono móbil, obxectos ou demais dispositivos de carácter electrónico.

Ao remate das probas que consistan na contestación dun cuestionario, cada persoa aspirante poderá anotar e levar a relación das súas respostas.

6.1.4 Cualificacións

Para respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica que deben rexer no acceso ao emprego público, o tribunal establecerá e informará as persoas aspirantes dos criterios de corrección, valoración e superación que non estean expresamente establecidos nas bases desta convocatoria.

As persoas participantes poden presentar, nos tres (3) días hábiles seguintes á realización de cada exercicio, as reclamacións que estimen oportunas referidas ás preguntas e o seu contido. Se o tribunal, de oficio ou con base nalgunha reclamación, anular algunha das preguntas, substituiranse por orde polas de reserva incluídas no mesmo cuestionario. Esta decisión publicarase xuntamente coas cualificacións do exercicio.

No prazo das vinte e catro horas seguintes á realización de cada exercicio tipo test publicarase o seu contido e as respostas correctas no portal web corporativo.

As cualificacións de cada un dos exercicios publicaranse na páxina web do Parlamento de Galicia e no taboleiro de anuncios da Administración parlamentaria.

Concederase un prazo de dez (10) días hábiles para os efectos de alegacións, que contarán desde o día seguinte ao da publicación na web do Parlamento de Galicia (www.parlamentodegalicia.gal) da resolución do tribunal pola cal se fan públicas as puntuacións do correspondente exercicio.

6.2. Fase de concurso

6.2.1. A documentación acreditativa dos méritos alegados deberase referir á data de publicación da convocatoria no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Os méritos a que se refiren os apartados seguintes, de non constaren en poder da Administración parlamentaria, acreditaranse coa seguinte documentación:

— O servizos prestados noutras administracións públicas, así como os dereitos de conciliación exercidos nese período, mediante unha certificación da unidade de persoal do organismo correspondente. Xunto co certificado achegarase a documentación acreditativa debidamente compulsada dos méritos nel reflectidos, entre a cal se atopará o nomeamento como persoal funcionario, como interino ou como contratado administrativo, ou ben o contrato laboral.



— Os cursos de formación, mediante a presentación do orixinal ou a copia compulsada do documento acreditativo da súa realización, onde debe figurar o número de horas de duración do curso.

Non se terán en conta as certificacións que non se axusten ao establecido neste punto ou as que, en calquera caso, non xunten a documentación acreditativa dos méritos reflectidos na certificación.

No caso de presentación por sede electrónica, observarase o disposto no parágrafo final do número 1 da base oitava.

6.2.2. Valoración dos méritos

En ningún caso a puntuación obtida na fase de concurso poderá aplicarse para superar a fase de oposición.

A fase de concurso consistirá en valorarlles ás persoas aspirantes que superen a fase de oposición os seguintes méritos:

6.2.2.1 Antigüidade

A puntuación máxima por antigüidade será de 5 puntos.

A antigüidade valorarase por anos de servizos, computándose tamén, para estes efectos, os servizos recoñecidos que se prestaron con anterioridade á adquisición da condición de funcionario de carreira do Parlamento de Galicia. Diferenciarase a puntuación en función dos corpos ou escalas en que se prestou o servizo, atendendo ao seguinte baremo:

1. 0,40 puntos por ano completo de servizos prestados en corpos ou escalas do mesmo nivel de titulación ou superior a aquel en que estea clasificado o posto a que se opta.

2. 0,20 puntos por ano completo de servizos prestados en corpos ou escalas de inferior nivel de titulación a aquel en que estea clasificado o posto a que se opta.

Estas puntuacións asignarase porcentualmente aos períodos inferiores a 1 ano cunha duración mínima de 1 mes

6.2.2.2. Traballo desenvolto no Parlamento de Galicia

A valoración máxima polo traballo desenvolto será de 5 puntos.

O tempo de permanencia en postos da Administración parlamentaria segundo o nivel do complemento de destino valorarase coa seguinte cualificación:

1. Polo tempo de permanencia nun posto de traballo cun nivel igual ou superior ao posto a que se concurra: 1 punto por ano ata un máximo de 5 puntos.

2. Polo tempo de permanencia nun posto de traballo cun nivel inferior ao posto a que se concurra: 0,8 puntos por ano ata un máximo de 4 puntos.



6.2.2.3. Cursos de formación e perfeccionamento

A valoración máxima dos cursos de formación será de 15 puntos.

Serán valorados como mérito os cursos de formación cunha duración mínima de 12 horas que fosen realizados nos 15 anos anteriores á convocatoria do concurso e organizados ou promovidos polo Parlamento de Galicia, polas escolas oficiais de formación das comunidades autónomas, universidades, administracións públicas ou por outras entidades, sempre que, neste último caso, os cursos contén cunha homologación oficial.

Puntuarase a formación atendendo á seguinte distribución:

1. Cursos sobre aplicacións e programas informáticos relacionados coa actividade do Parlamento de Galicia. Valorarase a razón de 0,01 puntos/hora de formación ata un máximo de 3 puntos. Para tal efecto deberanse detallar previamente aqueles cursos que se consideren relacionados coa actividade da Cámara.
2. Cursos sobre calquera temática relacionada co actividade do Parlamento de Galicia: 0,01 puntos/hora de formación ata un máximo de 10 puntos.
3. Cursos sobre temática directamente relacionada coa área funcional ou coas tarefas propias do posto a que se concursa: 0,02 puntos/hora de formación ata un máximo de 12 puntos.
4. Cursos de idiomas distintos do galego impartidos por escolas oficiais: 0,01 puntos/hora de formación ata un máximo de 3 puntos.
5. Cursos impartidos pola persoa aspirante sobre as materias referidas nos apartados anteriores, na propia institución ou en calquera outra administración pública ou organismo dependente: valorarase incrementando a puntuación (puntos/hora) dos distintos apartados nun 50 %, ata un máximo de 10 puntos.

6.2.2.4. Grao de coñecemento do idioma galego

A valoración máxima dos cursos de formación será de 3 puntos. Valorarase a formación especializada en idioma galego coa seguinte cualificación:

1. Curso de nivel medio de linguaxe administrativa galega, curso de nivel medio de linguaxe administrativa local galega, curso de linguaxe xurídica galega, ciclo superior dos estudos de galego das escolas oficiais de idiomas ou Celga 5: valorarase con 1,5 puntos.
2. Curso de nivel superior de linguaxe administrativa galega ou curso de nivel superior de linguaxe xurídica galega: valorarase con 3 puntos.

6.2.2.5. Titulacións académicas

A puntuación máxima por titulacións académicas será de 4 puntos.



Non se valorarán títulos académicos imprescindibles para a consecución doutros de nivel superior que se aleguen como méritos, nin se valorarán os títulos académicos exixidos para o ingreso no corpo de funcionarios correspondente. As titulacións distintas das anteditas valoraranse coa seguinte cualificación:

1. Titulación universitaria de experto: 1,25 puntos
2. Titulación universitaria de especialista: 1,50 puntos
3. Titulación de máster universitario: 2 puntos
4. Doutoramento: 3 puntos

6.2.2.6. Exercicio de dereitos de conciliación

A puntuación máxima deste apartado será de 2 puntos.

1. Permiso por parto, adopción ou acollemento (artigos 1 e 2 das normas que amplían os dereitos do persoal, aprobadas por acordo da Mesa do 14 de febreiro de 2020): 0,20 puntos.
2. Permiso como proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento, garda con fins de adopción, adopción ou acollemento dun fillo ou filla (artigo 3 das normas que amplían os dereitos do persoal, aprobadas por acordo da Mesa do 14 de febreiro de 2020): 0,20 puntos.
3. Redución de xornada prevista no artigo 59.1.f) do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia: 0,02 puntos/mes.
4. Excedencia para coidado de fillos/as e familiares (artigo 176 da LEPG): 0,04 puntos/mes.

6.3. Publicación das puntuacións

As puntuacións obtidas na fase de concurso faranse públicas no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, na páxina web corporativa (www.parlamentodegalicia.gal) e no taboleiro de anuncios do Parlamento de Galicia, con posterioridade á publicación das cualificacións do último exercicio da fase de oposición.

As persoas aspirantes disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación, para efectuaren perante o tribunal as alegacións que coiden oportunas respecto da puntuación outorgada na fase de concurso.

Sétima. Listaxe de cualificacións finais

7.1. Ao rematar as probas, o tribunal emitirá unha resolución cos resultados obtidos por cada persoa aspirante nas fases de concurso e de oposición e a suma total dos puntos, que se publicará no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e mais na páxina web corporativa.



A orde de prelación das persoas aspirantes virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas fases de oposición e na fase de concurso. Non poderá superar o proceso selectivo un número superior ao de prazas convocadas.

No suposto de empate nas puntuacións de dúas ou máis persoas aspirantes, os criterios para resolver esa situación serán por orde os seguintes:

- a puntuación máis alta no segundo exercicio
- a puntuación máis alta no primeiro exercicio.
- a condición de xénero a favor da muller, ao existir infrarrepresentación do sexo feminino.
- por orde alfabética do primeiro apelido comezando pola letra P, de conformidade co sorteo realizado e publicado na web corporativa.
- por sorteo entre as persoas implicadas.

Na mesma resolución o tribunal propondrá á Mesa do Parlamento a aprobación do proceso selectivo e o ingreso das persoas que o superen na escala técnica de publicacións do corpo superior do Parlamento de Galicia, como persoal funcionario de carreira.

Concederáse un prazo de dez (10) días, contados desde o día seguinte á data de publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* da resolución do tribunal, para que as persoas aspirantes fagan as alegacións que xulguen oportunas.

7.2. A Mesa do Parlamento adoptará o acordo de finalización do proceso selectivo e de aprobación do seu resultado co ingreso das persoas propostas na escala técnica de publicacións do corpo superior do Parlamento de Galicia, como persoal funcionario de carreira. Este acordo publicarase no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web corporativa e será notificado ás persoas seleccionadas.

Para asegurar a cobertura das vacantes, se se produce a renuncia das persoas seleccionadas antes do seu nomeamento ou toma de posesión convocarase a seguinte persoa da listaxe por orde de puntuación para que ocupe o seu lugar. Para estes efectos, terán a mesma consideración que as renuncias os supostos de persoas aspirantes na situación que se refire no parágrafo final da base oitava desta convocatoria.

Oitava. Presentación de documentos

8.1. As persoas aspirantes que superen o proceso selectivo deberán presentar ante a Presidencia do Parlamento, sempre que non conste en poder da Administración parlamentaria, no prazo de vinte días naturais desde que se faga público o acordo de aprobación do proceso selectivo pola Mesa do Parlamento de Galicia, a seguinte documentación:



a) Fotocopia cotexada do título exixido na base 2.3 ou certificación académica que acredite ter realizados todos os estudos para a súa obtención. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán presentar credencial da súa validación ou homologación.

b) Declaración, baixo a súa responsabilidade, de non teren sido separadas nin despedidas mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo do cal fosen separadas ou inhabilitadas, nin pertencer ao mesmo corpo, segundo o modelo que figura como anexo III a esta convocatoria.

No suposto de ser nacional doutro estado, declaración responsable de non atoparse inhabilitada ou en situación equivalente, nin ter sido sometida a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no estado de procedencia o acceso ao emprego público nos mesmos termos, segundo o modelo que figura como anexo III a esta convocatoria.

c) Informe sobre o estado de saúde que acredite que a persoa aspirante non padece enfermidade nin está afectada por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes función e tarefas.

d) As persoas aspirantes cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33% que superen o proceso selectivo deberán, ademais, acreditar tal condición mediante certificación dos órganos competentes da Consellería de Política Social e, de ser o caso, da Administración competente.

No caso de presentación por sede electrónica a compulsa dos orixinais en papel debe ser electrónica de acordo co artigo 29 do Decreto 191/2011, do 22 de setembro, de organización e funcionamento dos rexistros da Administración xeral e das entidades públicas instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia. Os documentos orixinais asinados electronicamente serán válidos sempre que se manteñan en soporte electrónico. Os documentos electrónicos con código de verificación CSV serán válidos en calquera soporte, pois a través do número de referencia poderá cotexarse co orixinal.

8.2. A persoa que dentro do prazo fixado, agás os casos de forza maior libremente apreciados pola Presidencia, non presente a documentación ou que, despois de examinala, se deduza que non cumpre algún dos requisitos sinalados na base segunda, non poderá ser nomeada persoal funcionario de carreira e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorra por falsidade na solicitude inicial. Neste caso, seguirase o procedemento establecido no párrafo final da base sétima.

Novena. Nomeamento

Unha vez acreditada a posesión dos requisitos exixidos, as persoas seleccionadas serán nomeada persoal funcionario de carreira por resolución da Presidencia. Este nomeamento será notificado ás persoas interesada e publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web corporativa.

No prazo dun mes, contado desde o día seguinte á publicación, as persoas nomeadas deberán tomar posesión ante o presidente do Parlamento e realizar o xuramento ou promesa de acata-



mento á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia, de obediencia ás leis e de exercer imparcialmente as súas funcións.

De non se facer efectiva a toma de posesión dentro do prazo establecido, por causa imputable á persoa interesada, producirá o decaemento do seu dereito a adquirir a condición de persoal funcionario de carreira neste proceso selectivo.

Décima. Cláusula derradeira

Contra esta convocatoria, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor, potestativamente, recurso de reposición perante a Mesa do Parlamento de Galicia no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo o artigo 10.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2021
Miguel Ángel Santalices Vieira
Preidente



ANEXO I

TEMARIO PARA INGRESAR POR PROMOCIÓN INTERNA NA ESCALA TÉCNICA DE PUBLICACIÓNS DO CORPO SUPERIOR DO PARLAMENTO DE GALICIA.

Tema 1. A Constitución española de 1978: características xerais. Os valores superiores e os principios inspiradores. Dereitos fundamentais e liberdades públicas. Garantías e restricións. Os deberes constitucionais.

Tema 2. Os órganos constitucionais. A Coroa. O poder lexislativo. As Cortes Xerais. O poder executivo. O Goberno do Estado e a Administración xeral do Estado. O poder xudicial. O Tribunal Constitucional.

Tema 3. A organización territorial do Estado na Constitución. As comunidades autónomas. O sistema de distribución de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas. A Administración local: regulación constitucional.

Tema 4. A xerarquía normativa. A lei: concepto e clases. Leis orgánicas e leis ordinarias. As disposicións con forza de lei. O regulamento. A normativa comunitaria.

Tema 5. A Administración pública: concepto, caracteres e clasificación. A Administración e o dereito: o principio de legalidade. As potestades administrativas. A actividade discrecional da Administración e os seus límites. A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Tema 6. Os dereitos das persoas na Lei de procedemento administrativo común das administracións públicas. A obriga de resolver. O silencio administrativo.

Tema 7. O acto administrativo: concepto, clases e elementos. Eficacia e validez dos actos administrativos.

Tema 8. O procedemento administrativo: concepto e natureza. Fases do procedemento administrativo. Os recursos administrativos.

Tema 9. A preautonomía e o Estatuto de 1981. O proceso de reforma do Estatuto. O Estatuto de autonomía para Galicia: estrutura e características. A organización territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Tema 10. Dereitos sociais, deberes e políticas públicas no Estatuto de autonomía para Galicia.

Tema 11. As competencias da Comunidade Autónoma de Galicia. Clasificación e principios. Materias competenciais.

Tema 12. Organización territorial e institucional da Comunidade Autónoma de Galicia no Estatuto de autonomía. A Presidencia da Xunta de Galicia. O Consello da Xunta. O seu funcionamento. O poder xudicial en Galicia.



Tema 13. O Valedor do Pobo. Regulación xurídica. Función e ámbito de supervisión da institución. A tramitación das queixas. Relacións co Parlamento de Galicia. O Consello de Contas. Composición e funcións.

Tema 14. Outras institucións de autogoberno: O Consello da Cultura Galega. Composición e funcións. O Consello Consultivo. O Consello Económico e Social. Outros órganos total ou parcialmente de extracción parlamentaria.

Tema 15. A Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. Organización central: consellarías, órganos interdepartamentais e órganos de participación. Organización territorial da Administración autonómica. Entidades instrumentais: axencias, sociedades mercantís e fundacións do sector público galego.

Tema 16. As fontes do dereito parlamentario. A Constitución. O Estatuto de autonomía de Galicia. Regulamento do Parlamento de Galicia: estrutura e interpretación. Acordos interpretativos e normas complementarias. Outras fontes. Normas de réxime interior relativas á organización e ao funcionamento do Parlamento. Os precedentes, os usos e os costumes parlamentarios.

Tema 17. A sesión constitutiva do Parlamento de Galicia. A convocatoria e o desenvolvemento da sesión constitutiva. A Mesa de Idade. A elección da Mesa do Parlamento. A sesión solemne de apertura da lexislatura. A disolución do Parlamento.

Tema 18. Estatuto dos deputados e das deputadas. Disposición xeral. Dereitos e deberes. Prerrogativas parlamentarias. Suspensión e perda da condición de deputado ou deputada.

Tema 19. Os grupos parlamentarios. Constitución, composición e funcionamento. O grupo parlamentario mixto. Singularidades na composición dos grupos parlamentarios. Os medios materiais postos á disposición dos grupos. O financiamento dos grupos e a súa publicidade. O control externo das subvencións e a rendición de contas.

Tema 20. Os órganos de goberno do Parlamento. A Presidencia: funcións. Réxime de suplencia. A Mesa. Composición e funcións. A Xunta de Portavoces, composición e funcións. Réxime de funcionamento.

Tema 21. Os órganos funcionais (1). O Pleno. Composición. Convocatoria. A execución dos acordos. A Deputación Permanente: funcións. Composición. Réxime de funcionamento. As ponencias e os grupos de traballo.

Tema 22. Os órganos funcionais (2). As comisións. Composición. Competencias e réxime de funcionamento. Tipoloxías. As comisións permanentes lexislativas e non lexislativas. Especificidades. As comisións especiais.

Tema 23. Os procedementos parlamentarios de natureza normativa. Os procedementos lexislativos ordinarios e especiais. A iniciativa lexislativa. A tramitación dos proxectos de lei e das proposicións de lei. O proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia: marco de tramitación, debate e aprobación.



Tema 24. A Xunta como destinataria da confianza parlamentaria. A investidura. A moción de censura. A cuestión de confianza. A delegación lexislativa na Comunidade Autónoma de Galicia. As comunicacións da Xunta de Galicia. O debate de política xeral.

Tema 25. Os procedementos de control e impulso. As proposicións non de lei e as mocións. Emendas. Debate. Os procedementos de control económico e orzamentario. A conta xeral da Administración da Comunidade Autónoma. As modificacións orzamentarias. O límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma.

Tema 26. A autonomía administrativa do Parlamento de Galicia. O Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia. A estrutura orgánica da Administración parlamentaria. As unidades administrativas. Os órganos da Administración parlamentaria. O réxime xurídico administrativo. Réxime xurídico das súas disposicións administrativas. O procedemento administrativo na Administración parlamentaria.

Tema 27. A xestión económica e financeira na Administración parlamentaria: Regulamento de réxime orzamentario e contable do Parlamento de Galicia e do Valedor do Pobo. O orzamento do Parlamento de Galicia: contido, elaboración, aprobación e prórroga. Os créditos e as súas modificacións. A execución e liquidación do orzamento. Os principios de actuación contable e a conta xeral do Parlamento de Galicia. O control e a fiscalización da xestión económica e financeira.

Tema 28. O réxime xurídico dos funcionarios públicos: normas xerais. Selección. Situacións administrativas. Dereitos e deberes. As incompatibilidades dos funcionarios públicos.

Tema 29. Normativa comunitaria, nacional e autonómica sobre igualdade de xénero. Criterios para evitar o uso sexista da linguaxe e o seu procedemento de aplicación nos escritos e documentos oficiais de os órganos e servizos do Parlamento de Galicia.

Tema 30. Protección de datos de carácter persoal. Ámbito de aplicación. Definición. Axencia Española de Protección de Datos: órganos e competencias. Principios de protección. Dereitos dos cidadáns.



Anexo II

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN EN PROCESOS SELECTIVOS

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF	
NOME DA VÍA			NÚM.	ANDAR	PORTA
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE	
TELÉFONO			CORREO ELECTRÓNICO		

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Medio de notificación preferente

Electrónica, a través do enderezo da Internet <https://sede.parlamentodegalicia.gal>. Só poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao DNI da persoa indicada

Postal (cubrir o enderezo só se é distinto do indicado anteriormente)

NOME DA VÍA		NÚM.	ANDAR	PORTA
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE



OBXECTO DA SOLICITUDE:**Participación na convocatoria PROCESO SELECTIVO:****DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:**

- Fotocopia do DNI
- Certificación acreditativa do coñecemento da lingua galega no nivel exixido
- Xustificante de ter aboados os dereitos de exame
- Acreditación do grao de discapacidade superior ao 33 % polo que solicita adaptacións indicadas en observacións
- Declaracións segundo modelos anexos que figuran nas bases
- Outros

OBSERVACIÓNS:

- A persoa solicitante ou representante declara que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos

O **Parlamento de Galicia** é o **responsable** destes datos, que serán incorporados ao rexistro da actividade de tratamento denominada «Procesos selectivos», cuxa **finalidade** é a xestión de selección de persoal, **lexitimada** polo cumprimento de obrigas legais. **Destinatarios:** non está prevista a cesión de datos. **Dereitos:** as persoas solicitantes poderán exercer os seus dereitos, previstos nos artigos 15 ao 22 do Regulamento Xeral de Protección de Datos, a través da páxina Web: <http://www.parlamentodegalicia.gal/Portada/ProteccionDatos> na que dispoñen de **información adicional**.



LEXISLACIÓN APLICABLE

Bases da convocatoria de procesos selectivos

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia

Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia

Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (en adiante, TRLEBEP)

Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

de

de



Anexo III

Declaración responsableD./D^a.....con DNI**DECLARA RESPONSABLEMENTE**

Que non foi separado/a mediante expediente disciplinario de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin se atopa na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa fose separada ou inhabilitada.

Asina esta declaración para os efectos de participar no proceso selectivo para ingresar por quenda libre nunha praza do corpo superior do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela,de.....de 2021

(Sinatura)





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 14830

Data envío: 26/04/2021 15:09:28.475

Data 26/04/2021 15:09



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 1854**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da atención sanitaria que se está a prestar na comarca de Sarria e da necesidade dun consultorio médico na parroquia de Oural”**, (publicada no BOPG número 20 do 23 de setembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Desde o ano 2011 funciona un novo centro de saúde en Sarria cunha ampla Carteira de Servizos e con atención de mañá e de tarde e co PAC (Punto de Atención Continuada). Toda a veciñanza do concello, incluída a da parroquia de Oural conta con atención presencial ás 24 horas do día, e os 365 días o ano nun lugar concreto e garantindo sempre presenza sanitaria.

Neste centro de saúde traballan médicos especialistas en medicina familiar e comunitaria, enfermeiros/as, matrona, fisioterapeutas, TCAES, técnicos da función administrativa, farmacéutico, traballador social, TER (técnico/a especialista en radioloxía), odontólogo, Hixienista dental, celador, etc, fronte ao pequeno equipo de un médico e unha enfermeira co que contaban os veciños con cupo no consultorio de Oural”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 14830
Data envío: 26/04/2021 15:09:28.475

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/04/2021 15:09:24

CSV: BOPGDSPGmzrNHvZBv0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 14828

Data envío: 26/04/2021 15:09:12.803

Data 26/04/2021 15:09

galicia

En relación coa pregunta con resposta Escrita número: 3759, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns do Sergas para establecer limitacións e non xeneralizar a prescrición dos coagulantes orais de nova xeración, a aplicación en todas as xerencias dos mesmos criterios para a súa autorización e os datos ao respecto”**, (publicada no BOPG número 37 do 29 de outubro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A financiación dos medicamentos é unha competencia exclusiva do Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social.

Así o Real Decreto Lexislativo 1/2015, do 24 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios no artigo 92, sobre financiamento:

“Artíg 92. Procedimiento para la financiación pública. punto1. *Para la financiación pública de los medicamentos y productos sanitarios será necesaria su inclusión en la prestación farmacéutica mediante la correspondiente resolución expresa de la unidad responsable del Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social, estableciendo las condiciones de financiación y precio en el ámbito del Sistema Nacional de Salud (SNC).*

Neste mesmo artigo 92, tamen se fai saber o seguinte:

“Sin perjuicio de lo dispuesto en el artículo 24, y con objeto de garantizar el uso racional de los medicamentos y productos sanitarios, el Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad podrá someter a reservas singulares las condiciones específicas de prescripción, dispensación y financiación de los mismos en el SNC, de oficio o a propuesta de las comunidades autónomas en la Comisión Permanente de Farmacia del Consejo Extraterritorial del Sistema Nacional de Salud.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 14828
Data envío: 26/04/2021 15:09:12.803

galicia

*Será o Real Decreto 618/2007, do 11 de maio, no que se regula o procedemento para o establecemento, mediante visado, **de reservas singulares** ás condicións de prescrición e dispensación dos medicamentos. Dito Real Decreto establece que as administracións sanitarias, de acordo co procedemento que determinen no exercicio das súas competencias, verificarán a conformidade co tratamento prescrito no Sistema Nacional de Salud coas condicións de utilización autorizadas en ficha técnica e as indicacións terapéuticas financiadas dos medicamentos **sometidos a reservas singulares**.*

O procedemento para a verificación do cumprimento das condicións de prescrición e dispensación dos medicamentos sometidos a **reservas singulares mediante visado** establecido polo Sistema Nacional de Salud, denomínase tecnicamente homologación sanitaria, e está regulado polo Decreto 189/2011, do 22 de setembro, de homologación sanitaria dos tratamentos prescritos.

Os novos anticoagulantes orais, coñecido como anticoagulantes de acción directa (**ACOD**), dabigatran, rivaroxaban, apixaban e edoxaban, son un grupo de medicamentos para os que foi establecido no ámbito do SNS unha serie de requisitos adicionais, e decir, **'estableceronse reservas singulares mediante visado'** por parte do Ministerio de sanidad, Consumo e Bienestar Social para o seu financiamneto.

É importante indicar que todas as indicacións autorizadas para un medicamento non sempre están financiadas polo Sistema Nacional de Salud ou ben, e tamén pode ser que dentro de unha mesma indicación, por criterios de eficacia/seguridade o financiamento quede restrinxido dentro do Sistema Nacional de Saúde (SNS) a un perfil de paciente concreto e que determinado polo propio ministerio en coordinación coas CCAA .

Asi no caso concreto dos ACOD, hai indicacións autorizadas en ficha técnica que a día de hoxe non están financiada dentro do SNS como son o tratamento da trombose venosa profunda (TVP) e da embolia pulmonar (EP) e prevención das recorrencias da TVP e da EP en pacientes adultos polo momento non se atopan financiadas. E no caso de fibrilación auricular non valvular (FANV) o seu financiamento queda restrinxido debido ao **'establecemento de reservas singulares mediante visado'** a unha poboación diana que ven descrita no IPT de ACOD, documento que é publico e se atopa na paxina web da Axencia Española de Medicamentos e produtos Sanitarios (AEMPS)





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 14828
Data envío: 26/04/2021 15:09:12.803

galicia

Indicar que a Ley 10/2013, de 24 de julio, por la que se incorporan al ordenamiento jurídico español las Directivas 2010/84/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 15 de diciembre de 2010, sobre farmacovigilancia, y 2011/62/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 8 de junio de 2011, sobre prevención de la entrada de medicamentos falsificados en la cadena de suministro legal, y se modifica la Ley 29/2006, de 26 de julio, de garantías y uso racional de los medicamentos y productos sanitarios, na súa disposición adicional terceira, 'sobre posicionamento de medicamentos' indica:

Disposición adicional tercera. Posicionamiento de medicamentos.

*'Las actuaciones orientadas a establecer la posición de un medicamento en la prestación farmacéutica y su comparación con otras alternativas terapéuticas, tendrán una base científico técnica común para todo el Sistema Nacional de Salud y se realizarán en el marco de los **informes de posicionamiento** de la Agencia Española del Medicamento y Productos Sanitarios. Dichos informes tendrán carácter vinculante'*

Así, no caso dos ACOD para a prevención de tromboembolismos en pacientes con FANV, ademais de reunir os requisitos esixidos pola súa ficha técnica, obrigatorios en calquera medicamento, o paciente deberá de cumprir unha serie de condicións, descritas no 'Informe de posicionamento terapéutico (IPT) UT/V4/23122013 sobre 'Criterios y recomendaciones generales para el uso de nuevos anticoagulantes orales (NACO) en la prevención del Ictus y la embolia sistémica en pacientes con fibrilación auricular no valvular' publicado pola AEMPS, con data de actualización de 23 de decembro de 2013. Este informe de informe de posicionamento recolle as casuísticas para as que se establecen as reservas singulares destes medicamentos. Como xa indicamos estes requisitos son vinculantes en todo o SNS, isto fai que o SERGAS por imperativo legal, e tamén por equidade, implemente da maneira igualitaria as condicións de financiamento no seu ámbito de actuación.

Ao marxe do anterior tamén queremos indicar o seguinte:

